

DECRETO ALCALDÍA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS. Expediente: 1689/2022

#### Antecedentes

- Informe xefe en función do departamento de obras e do xefe de equipo R.S.U
- Providencia da Alcaldía de inicio do expediente.
- Informe do Departamento de persoal.
- Bases reguladoras do proceso selectivo.
- Informe de secretaría e intervención municipal.

De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Convocar o procedemento selectivo para cubrir en réxime de interinidade unha praza de auxiliar administrativo/a departamento de obras e servizos básicos.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases reguladoras do citado procedemento selectivo, que se achegan como anexo final da presente Resolución.

**TERCEIRO.-** Ordenar a publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo a convocatoria, xuntamente coas bases estará exposta no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

**CUARTO.-** De conformidade co disposto no artigo 128.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986 e na Disposición Adicional 1º do Real decreto 896/91, a praza a prover por medio deste expediente, será incluída necesariamente na primeira convocatoria de provisión de postos de traballo ou na primeira oferta de emprego público que se aprrobe.

Con todo, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, nese caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino, ao abeiro do disposto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro de 2015.

Caldas de Reis, á data da sintura dixital

O Alcalde-Presidente

Juan Manuel Rey Rey

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

JUAN MANUEL REY REY (1 para 1)  
Nome do Titular  
Data de Sinatura: 26/09/2022  
Data de Emisión: 26/09/2022  
HASH: 20569907702b43c21a6640ab51320b



**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 27

## I. OBXECTO E SISTEMA DE SELECCIÓN

1ª Obxecto, descrición do posto de traballo, xustificación da necesidade e funcións xerais:

### 1.1. Obxecto e descrición do posto e normativa de aplicación.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento selectivo de concorrencia competitiva para a cobertura, en réxime de interinidade, polo sistema de oposición, dunha (01) praza de auxiliar administrativo/a, encadrada na escala de Administración xeral, subescala auxiliar, e integrada no grupo C2, adscrita ao departamento de Obras e Servizos Básicos, vacante no cadro de persoal de persoal funcionario do concello de Caldas de Reis, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza, e que á data da convocatoria son as seguintes:

- Complemento Específico: 418,80 € (14 pagas).
- Complemento de Destino: nivel 18.

O nomeamento estenderase ata que a praza sexa cuberta por funcionario de carreira, consonte ao disposto na lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño e no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ó servizo do concello de Caldas de Reis (BOP nº 152, do 8 de agosto de 2001, e nº 124, do 27 de xuño de 2007).

En todo caso, a duración máxima do nomeamento axustarase ao disposto no artigo 10.4 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### 1.2 Xustificación da necesidade do procedemento.

A necesidade do procedemento selectivo que se regula nas presentes bases resulta da concorrencia da circunstancia consistente na existencia do posto vacante, con dotación orzamentaria, sen que sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira, nos termos que resultan do artigo 23.2.a) da LFPG, sendo urxente,

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 27

necesaria e inaprazable a súa provisión xa que neste momento se atopa sen funcionario algún da citada subescala que permita garantir o funcionamento dos servizos administrativos correspondentes no departamento de adscrición baixo principios de eficacia e eficiencia pola insuficiencia de medios persoais axeitados.

### 1.3. Funcións xerais.

As tarefas e funcións a desempeñar, con carácter transitorio son as legalmente previstas para estas prazas.

En todo caso, realizará as seguintes funcións:

Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden.

Asumir o mantemento do arquivo de documentos e expedientes.

Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.

Redactar oficios simples.

Realizar tarefas de atención ó público en xeral.

Transcribir documentos.

Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.

Control e reposición do material de oficina do seu departamento.

Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

As funcións enunciadas na presente base son meramente enunciativas, nin exhaustivas, nin excluíntes doutras que lle correspondan en función do corpo, escala, subescala, categoría, titulación esixible para o seu acceso.

### 2ª.—Sistema de selección

En aplicación do disposto na normativa sinalada no artigo I.1º das presentes bases, o sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE previsto no artigo 56.2 da LEPG consistente na superación das probas que se establecen nas presentes bases e que

---

## Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 27

permiten determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación entre elas.

## II. REQUISITOS DOS ASPIRANTES, ADMISIÓN, PROBAS SELECTIVAS E CUALIFICACIÓNS

### 3ª Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

1. Nacionalidade: Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos nos arts. 56 e 57 do TREBEP e 50 e seguintes da LFPG. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, así como as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 57 do TREBEP.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar as/os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes

2. Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

3. Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.

4. Habilitación: Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5. Titulación: Estar en posesión ou en condición de obter, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, o título de graduado en ESO, FP1 ou equivalente. As equivalencias deberán de acreditarse polos aspirantes.

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 27

Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título, mediante certificado expedido polo organismo competente para establecelas. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nesta base á data na que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, cando menos, ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario interino.

4ª.-Persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade recoñecida serán admitidos/as ás probas selectivas en igualdade de condicións que os demais aspirantes, sempre que as súas limitacións non sexan incompatibles co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes aos postos convocados.

Neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presente especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección.

En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o candidato xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

5ª.-Solicitudes de participación no procedemento selectivo

5.1. Lugar e prazo de presentación


a) Presentación electrónica preferente.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 27

A solicitude de participación no procedemento selectivo realizarase, de forma preferente, por medios electrónicos, a través do formulario dispoñible na sede electrónica do concello de Caldas de Reis.

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico a sede electrónica do concello de Caldas de Reis admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNle).

Así mesmo pode remitirse a solicitude por vía telemática nas oficinas de Correos, mediante ORVE ao código dixital de destino L01360059.

b) Presentación presencial opcional.

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado para a presentación presencial deste procedemento que se recolle como Anexo II ás presentes bases. O modelo de solicitude de participación no procedemento selectivo esta a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Rexistro do concello (r/ Ferrería nº1, Caldas de Reis, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres), no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Non obstante, de cara a axilización na tramitación da fase de admisión de solicitudes, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través de correo electrónico á dirección [concello@caldasdereis.com](mailto:concello@caldasdereis.com) achegando copia selada da solicitude presentada no organismo correspondente.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos de xeito presencial deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 27

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, nos termos sinalados na base 4ª.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco (5) días naturais, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As bases e demais documentación do procedemento selectivo serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

## 5.2. Requisitos de forma na presentación das solicitudes e efectos da súa presentación.

A solicitude de participación no procedemento selectivo conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co enderezo electrónico a efectos de notificación. Nas respectivas solicitudes de participación, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3ª destas bases.

Coa presentación da solicitude de participación no proceso selectivo entenderase que os/as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, e que manifestan, baixo a súa responsabilidade que dispoñen da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos.

Para ser admitido será necesaria a presentación, da solicitude de participación debidamente cumprimentada e asinada de acordo co modelo sinalado no Anexo II xunto co copia simple do título esixido no apartado 5º da base terceira ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación, ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

Os aspirantes que soliciten a exención da realización do terceiro exercicio deberán declarar, no senso indicado no Anexo II, dispor, no momento de presentación da

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 27

solicitud de participación no procedemento, do certificado CELGA 3 ou equivalente, a efectos de quedar eximidos da realización do terceiro exercicio de coñecemento da lingua galega.

A documentación acreditativa do certificado CELGA 3 ou equivalente deberá presentarse posteriormente de acordo co indicado na base 8ª.

A non presentación da solicitud en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante

Así mesmo, os candidatos poderán, a través da solicitud de participación no proceso, solicitar o correspondente certificado de participación na/s proba/s do procedemento selectivo que será expedido unicamente no suposto de que compareza en tempo e forma ás mesmas, sen prexuízo de que, de non solicitalo na solicitud de participación, poidan facelo persoalmente cando comparezan á realización das correspondentes probas.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

### 5.3. Ampliación do prazo nos supostos de non dispoñibilidade da sede electrónica

Cando no derradeiro día do prazo se produza unha incidencia técnica que imposibilite o funcionamento da sede electrónica do concello de Caldas de Reis, o prazo afectado ampliarase automaticamente, ata o seguinte día hábil, en beneficio de todas as persoas interesadas no procedemento, aínda que esta ampliación só producirá efectos para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións por medios electrónicos, no senso indicado na letra a) do apartado 5.1. desta base.

Para que se produza a ampliación automática do prazo segundo o previsto neste artigo será necesario que a incidencia teña unha duración continuada superior a 1 hora nas últimas 24 ou de menos de 1 hora nas últimas 12 do prazo.

A ampliación do prazo será, no seu caso, obxecto de publicidade mediante un anuncio publicado no taboleiro electrónico da sede electrónica do concello de Caldas de Reis, no que se indicará con claridade a incidencia informática que da lugar á ampliación do prazo e a verificación da mesma, así como o día hábil seguinte no que finaliza o prazo ampliado.

---

## Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJTT7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 27



En todo caso, para que se produza a ampliación automática regulada nesta base, deberá quedar constancia no expediente desta incidencia técnica mediante un certificado expedido ao efecto, ou documento equivalente, no que conste tal incidencia, o tempo que permaneceu inactiva a sede electrónica e, na medida do posible, as súas causas.

6ª -Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, o alcalde ditará resolución, no prazo máximo de tres (3) días naturais declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, e, no seu caso, das causas determinantes das exclusións que procedan.

O anuncio desta resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>. Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de tres (3) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución no Taboleiro electrónico de anuncios, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común (LPAC), así como, no seu caso, formular recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>. Na mesma resolución determinarase o lugar e data de celebración da primeira proba do proceso selectivo.

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, senón as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de admitidos e excluídos publicarase no no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación e a hora, lugar e data en que se constituirá o tribunal e darán comezo as probas do correspondente proceso selectivo.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 27

O feito de figurar na relación de admitidas/os non prexulgará que se lles recoñeza ás/aos aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas selectivas. Cando da documentación que deben presentar tras superalo se desprenda que non posúen algún deses requisitos, decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, nos termos da vixente lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, previo, no seu caso, o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio, nos termos previstos no artigo 112 e 123 da LPAC, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

7ª -Tribunal cualificador.

7.1. Composición, normas de funcionamento e funcións.-

A designación dos membros do Tribunal será a título individual e como mínimo, constará dun Presidente, dous vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía. A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase a paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior a esixida para o acceso a dita praza e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

As persoas propostas ou designadas para actuar como membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran as previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. O Presidente do Tribunal poderá esixir aos membros do mesmo, declaración expresa de non acharse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no citado art. 23 da Lei 40/2015.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJTT7TSCS7 | Corrección: https://caldasdereis.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 27

As resolucións dos Tribunais vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder ao seu revisión, conforme ao previsto no art. 106 e ss. da Lei 39/2015.

Ao Tribunal correspóndelle o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases. O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na LRXSP (arts. 15 a 18). A Presidencia do tribunal coordinará a realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o alcalde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da LPAC.

As comunicacións que formulen as/os aspirantes ao tribunal dirixiranse o seu Presidente e serán presentados no rexistro xeral do concello.

O tribunal poderá contar coa asistencia e a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo que debido á especialización técnica do traballo a realizar o a ausencia da mesma entre os membros do Tribunal, resulte imprescindible a súa labor, de acordo co disposto no artigo 13.3 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Ditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto en base a súa función de mero asesoramento, sen que participen na toma de decisións do Tribunal.

O seu nomeamento corresponde ao mesmo órgano que designou ao Tribunal. Dende a súa designación o/ asosore/s terán que absterse e poderán ser recusados nas mesmas condicións e polas mesmas causas que os membros do Tribunal. Igualmente, os asesores especialistas gardarán sxiilo e confidencialidade sobre todos os datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento como consecuencia da súa participación ou colaboración nas labores do Tribunal de selección.

---

### **Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 27

Asemade o tribunal poderá contar coa asistencia de persoal colaborador na vixilancia das probas que lle asista no desenvolvemento de aquelas probas do proceso selectivo, nas que, polo número de aspirantes convocados, se requira persoal de apoio.

No desenvolvemento da súas tarefas o persoal colaborador sempre deberá actuar seguindo as instrucións do Tribunal cualificador.

As principais tarefas serán as de realizar o chamamento dos candidatos, distribución dos mesmos no lugar de celebración das probas, reparto do material de exame, vixiar o desenvolvemento das probas, recollida de exames, control dos tempos de duración das probas e funcións análogas.

8ª -Probas selectivas.

Consistirá na resolución escrita de dous supostos prácticos propostos polo tribunal, relacionados co temario, tendente a acreditar os coñecementos do aspirante en relación coas funcións e habilidades propias da categoría de AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

Cada un dos supostos prácticos puntuárase de **0 a 10 puntos**, sendo preciso para superar cada un deles obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar esta puntuación mínima.

### **PROBA DE COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA**

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA III ou equivalente, deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de apto ou non apto. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

A proba consistirá na tradución directa ou inversa dun texto, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA III ou equivalente e que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

A proba realizarase sen axuda de dicionario de ningún tipo.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 27

Estarán exentos de realizar este exercicio as/os aspirantes que o soliciten na presentación da solicitude de participación e presenten a documentación acreditativa (documentos orixinais ou copias auténticas) do certificado Celga III ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Desenvolvemento das probas.

O anuncio do comezo das probas selectivas publicarase no no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

As/os aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistos de DNI orixinal ou outro documento fidedigno, orixinal e con fotografía, que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola alcaldía como colaboradores, excepto na lectura por parte das persoas opositoras, no seu caso, dos exercicios escritos, que será pública.

En calquera momento as/os aspirantes poderán ser requiridas/os polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. Perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

9ª -Cualificación final e relación de aprobados. Criterios de desempate

A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición (máximo 20 puntos), debendo ter superado a totalidade dos exercizos. O terceiro exercicio recibirá a cualificación de APTO ou NON APTO.

Neste senso, a orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións na oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada.

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 27

A cualificación final dos aspirantes será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, e incluírá a proposta de nomeamento do aspirante que obteña a maior puntuación final.

Unha vez finalizada a oposición, o tribunal exporá ao público, a listaxe provisional de aspirantes aprobados pola súa orde de puntuación total, no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>., concedendo un prazo de tres (03) días naturais para formular as reclamacións e alegacións que se estimen pertinentes en relación coa puntuación obtida nas distintas probas.

Resultas as posibles alegacións e reclamacións, o tribunal exporá ao público, a listaxe definitivo de aspirantes aprobados pola súa orde de puntuación total e proporá á persoa que obtivese maior puntuación total como única persoa que superou o proceso selectivo, no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello, sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello.

Malia o anterior, e co fin de asegurar a cobertura da praza convocada, cando se produza renuncia da persoa seleccionada antes da toma de posesión, ou non acredite os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan as persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario interino para cubrir a praza convocada.

Os casos de empate na puntuación final do proceso selectivo resolveranse de acordo coa orde de prioridade:

A nota máis alta no primeiro suposto práctico da oposición

De persistir o empate, os aspirantes empatados terán que realizar unha proba teórica consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de vinte (20) preguntas, de carácter teórico, con catro respostas alternativas e resposta única, referidas ao temario de materias que se adxunta como anexo I ás presentes bases. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

O cuestionario tipo test cualificarase de 0 a 20 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 10 puntos.

- As respostas correctas puntuarán 1 puntos.

---

### **Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 27

- As respostas en branco ou nulas, non puntuarán.
- As respostas incorrectas serán penalizadas coa metade do valor asignado á resposta correcta.

O criterio esencial de valoración desta proba é o acerto nas alternativas propostas.

E no caso de manterse o empate, dirimirase mediante sorteo público entre os candidatos afectados polo empate das puntuacións obtidas, a fin de determinar a orde de prelación dos mesmos.

As persoas opositoras non incluídas nas listaxes terán a consideración de “non aptas”.

10ª.-Presentación de documentación, nomeamento e cese:

10.1. Presentación de documentación.-

No prazo de (5) cinco días hábiles, a contar dende a publicación da proposta do Tribunal no no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, o aspirante proposto deberá presentar os seguintes documentos:

- a) Copia auténtica ou orixinal do DNI.
- b) Copia auténtica ou orixinal do título esixido no apartado 5º da base terceira ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación, ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separado ou inhabilitado, nin pertencer ao mesmo corpo.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 27

emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

d) Informe médico respecto do estado de saúde que acredite que o/a aspirante non padece enfermidade nin está afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de posterior recoñecemento.

Xunto co anterior, deberán achegar copia da Tarxeta da seguridade social ou tarxeta sanitaria e Certificado da entidade bancaria a efectos do abono das retribucións e no que figure o IBAN e díxitos da correspondente conta bancaria da que sexa titular.

Deberán achegarse, en todo caso, documento orixinal, se o candidato proposta desexa o seu cotexo electrónico polo servizo de rexistro do concello de Caldas de Reis, ou ben copia autenticada do documento efectuada por autoridade competente, segundo a súa elección, a excepción das declaracións xuradas que deberán ser orixinais, coas formalidades previstas na Lei 39/2015, para a súa debida constancia no expediente.

As/os que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª non poderán ser nomeadas/os funcionarias/os interinos e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

#### 10.2. Nomeamento.-

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos con anterioridade, a/o aspirante que o supere será nomeado/a e tomará posesión, no prazo máximo de tres (03) días naturais, funcionario/a interino/a na praza obxecto da presente convocatoria, ata que a mesma sexa cuberta pola maneira legalmente establecida, mediante resolución de alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do concello, na web do concello e no BOP.

#### 10.3. Cese.-

De conformidade co artigo 10 do TREBEP, establece que as prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de cada Administración Pública. Con todo, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJTTSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 27



interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, nese caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino. Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se publicou a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica

#### 11ª.-Réxime de incompatibilidades

O/a aspirante que resulte nomeado para a praza que resulte do procedementos selectivo regulado nestas bases, quedará sometido, dende o momento da súa toma en posesión e ao longo da prestación de servizos que resulte del, ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia dado pola Lei 53/84, do 26 de decembro e as súas normas de desenvolvemento ou daquelas que sexan de aplicación ao longo da prestación dos servizos públicos correspondentes.

#### 12ª.-Constitución de listaxe de reserva ou de agarda

##### 12.1. Normas xerais: obxecto, elaboración, aprobación e publicidade

Os/as aspirantes que superasen o procedemento selectivo e non obtiveran a praza en réxime de interinidade que se regula nas presentes bases integrarán una lista de reserva ou de agarda para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal pola vía de urxencia para cubrir prazas da mesma escala, subescala e grupo de clasificación. A inclusión en dita lista de reserva ou de agarda realizarase de oficio e será elaborada polo Tribunal na forma que se establece nos parágrafos seguintes e aprobarase mediante resolución de alcaldía.

Incluiranse na lista de reserva aqueles opositores que superaran todos os exercicios da oposición e non obteñan praza, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición.

A lista de reserva será pública e os candidatos que a integren serán, en casos de urxencia previamente xustificadas, contratados temporalmente ou nomeados interinamente pola orde de prelación que figura na mesma e que resulta da puntuación obtida neste proceso selectivo consonte resulta da regulación contida na base 9ª.

## 12.2. Vixencia e xestión administrativa da listaxe de reserva ou de agarda

A listaxe de reserva estará en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate.

A xestión administrativa da listaxe de reserva realizarase polo persoal do concello de Caldas de Reis que en cada momento estea adscrito ao servizo de persoal do departamento de Persoal.

## 12.3. Procedemento de xestión da listaxe:

Cando as necesidades do servizo debidamente xustificadas así o requiran, procederase sempre ao chamamento da listaxe de reserva.

A orde de prelación dos integrantes será a establecida en base ás puntuacións acadadas no proceso selectivo que regulan estas bases, sen prexuízo das modificacións na orde da listaxe por renuncias, suspensión de chamamentos ou outras circunstancias que se poidan dar durante a execución da mesma de acordo co procedemento establecido nestas bases.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo. Así, e para unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 8:00 as 15:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indícarase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta, para aceptar ou rexeitar, a oferta realizada.

De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 27

No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, da persoa integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

1.- Declaración responsable na que manifeste:

.- Aceptación expresa do posto.

.- Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- Igualmente fará constar que non padece enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

2.- Número de afiliación na Seguridade Social.

3.- Certificación de conta bancaria.

4.- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarase unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 la LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas pola Alcaldía.

No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada que non alegase nin acreditase causa xustificada, será penalizada e pasará ao final da bolsa de emprego.

Non obstante o anterior, poderá rexeitarse a oferta cando a persoa interesada alegue algunha das causas xustificadas que continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación por parte da Alcaldía.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 27

Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

1. Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
2. Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
3. Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
4. Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
5. Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
6. Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na Bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da Bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

Dilixencia de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicárase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJTT7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 27

electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegada polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- a. Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- b. Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- c. Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- d. Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía. En calquera caso, garantirase ás persoas afectadas o trámite de audiencia.

Rematada a causa que orixinou o chamamento e extinguida a relación funcional ou laboral, os candidatos reincorporaranse á lista no mesmo posto que ocupaba.

### 13ª.-Incidencias

O tribunal do procedemento selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### 14ª.-Réxime xurídico aplicable e publicidade do procedemento.

#### 14.1 Réxime xurídico aplicable

Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na LPAC, no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 27

texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, da función pública de Galicia, no Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, no Real Decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración Local e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 40/2015, do 1 de outubro

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

#### 14.2. Publicidade

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no BOP. A publicación no BOP determinará a apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación que será o día seguinte ao da publicación.

Asemade a convocatoria, xuntamente coas bases e o resto de actos do procedemento, publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal con acceso a través da dirección electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

#### 15ª.-PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa instancia. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na devandita Lei orgánica 3/2018. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: https://caldasdereis.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 27

## ANEXO I

Tema 1. A Constitución Española de 1978: estrutura, contido e principios. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Tema 2. A organización municipal: órganos e Competencias. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. As Ordenanzas municipais.

Tema 3. O persoal o servizo das Entidades Locais. Funcionarios de carreira, persoal eventual e persoal laboral.

Tema 4. Os actos Administrativos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 5. O procedemento administrativo. Iniciación. Ordenación. Instrución. Finalización do Procedemento. Execución.

Tema 6. O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica das notificacións.

Tema 7. O procedemento electrónico. O rexistro electrónico. A notificación electrónica.

Tema 8. A contratación pública. Principios Xerais. Clases de contratos, formas e procedemento de contratación.

Tema 9. A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

Tema 10. A transparencia e o acceso á información nas Entidades Locais.





CONCELLO DE

**CALDAS DE REIS**

A N E X O II

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

I. DATOS PERSOAIS

Apelidos: \_\_\_\_\_

—

Nome: \_\_\_\_\_

—

D.N.I.: \_\_\_\_\_

—

Dirección: \_\_\_\_\_

—

Tlf: \_\_\_\_\_

—

Localidade: \_\_\_\_\_

—

Provincia \_\_\_\_\_

—

II. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico facilitado a continuación:

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Electrónica a través da SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS  
<https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJTT75CS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 27



Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada, e deberá acceder á notificación no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Dirección: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na Sede electrónica do concello de Caldas de Reis <https://Caldas de Reis.sedelectronica.gal> no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

### III. EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do procedemento selectivo para cubrir en réxime de interinidade polo sistema de oposición, dunha (01) praza de do concello de Caldas de Reis, e de acordo coas condicións establecidas nas bases que as regulan, pola presente comparezo e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- Que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas correspondentes bases reguladoras do procedemento

IV. Polo exposto, SOLICITO ser admitido ao correspondente proceso selectivo achegando ao efecto a seguinte documentación consonte esixe a base 5.2:

Copia simple do título esixido no apartado 5º da base terceira ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención.

(No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación, ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión).

V.- Consonte ao disposto na base 5.2, solicito a exención da realización do terceiro exercicio:

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 27

Coñecemento da lingua galega por estar en posesión do certificado Celga ou equivalente

SI NON

(Rodee cun círculo a opción que corresponda, sen prexuízo da obriga de presentar a documentación acreditativa no senso indicado no apartado c) da base 8.2., a efectos de quedar exento da realización do exercicio de coñecemento da lingua galega).

O abaixo asinante solicita ser admitido ao procedemento selectivo ao que se refire a presente instancia, declarando ser certos os datos consignados anteriormente e que reúne as condicións esixidas para acceder ao posto convocado.

VI.- Solicito a expedición do correspondente CERTIFICADO ACREDITATIVO DA MIÑA PARTICIPACIÓN NA/S PROBA/S DO PROCEDEMENTO SELECTIVO:

SI NON

(No suposto de solicitar o certificado deberá cun círculo "SI". Nota: Dito certificado soamente será expedido no suposto de que o/a candidato/a compareza en tempo e forma ás mesmas, sen prexuízo de que, de non solicitalo na solicitud de participación, poidan facelo persoalmente cando comparezan á realización das correspondentes probas .

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta Administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitud, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar dita documentación:

o Non autorizo ao acceso

Caldas de Reis, a----- de----- de 2022

Sinatura:

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do Concello de Caldas de Reis CIF P3600500G e domicilio social sito en R/ Ferrería 1, 36550 Caldas de Reis, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitud, escrito ou comunicación ao Concello de Caldas de Reis. En cumprimento da

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MEC.75PEJTT7SCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 27

normativa vixente, o Concello de Caldas de Reis, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: Administracións Públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [concello@caldasdereis.com](mailto:concello@caldasdereis.com).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

**DECRETO**  
Número: 2022-1784 Data: 26/09/2022



Cod. Validación: 9Q5SWF4N2MECJ75PEJ7TSCS7 | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27